



A Coruña, 1 de setembro de 2014

Estimado/a Director/a:

Como ven sendo habitual, no comezo de cada curso escolar, pónome en contacto con vostede para indicarlle que, un ano mais, continuamos ofrecendo á institución educativa que dirixe, a posibilidade de que alumnos, profesores e pais poidan beneficiarse da colaboración que os expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado poden brindarles a través da temática recollida no *Plan Director para la Convivencia y la Mejora de la Seguridad en los Centros Educativos y sus Entornos*.

No mesmo camiño do contido do noso escrito que o Sr. Conselleiro de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria tivo a amabilidade de colgar no Portal Educativo de Consellería en setembro de 2013, recordámossle que, entre outros, os obxectivos que se pretenden acadar coas actuacións recollidas no Plan Director, son todos aqueles que procuran dar respuestas coordinadas e eficaces a todas as cuestións relacionadas coa seguridade dos alumnos nos centros educativos e os seus arredores, os que fortalecen a cooperación policial coas autoridades educativas, os que pretendan mellorar o coñecemento que a poboación escolar posúe sobre os recursos policiais ou os que fomentan nos nenos y xoves o respecto polos dereitos fundamentais.

Nesta liña, continúanse realizando actividades relacionadas:

- Co acoso escolar nas súas diferentes formas.
- Cos riscos asociados a utilización da Internet e as novas tecnoloxías.
- Co consumo e tráfico de estupefacientes.
- Co consumo de alcol.
- Coa violencia contra os centros escolares e as comunidades educativas.
- Coas actividades de grupos violentos de carácter xuvenil.
- Cos abusos y agresións sexuais.
- Co maltrato no ámbito familiar.
- Coa violencia sobre a muller.
- Coa discriminación por razón se sexo u orientación sexual.
- Cos comportamentos racistas y xenófobos.
- Cos perigos e ameazas relacionadas coa prostitución e a pornografia infantil.
- Etc.



Analizando a incidencia de como todas estas cuestiós están afectando, de forma xeneral, a toda a sociedade e, en particular, aos máis xoves; se o seu centro é usuario habitual das intervencións que con tanta eficacia están levando a cabo os membros das Forzas y Corpos de Seguridade do Estado, seguro que, para favorecer aos seus alumnos, continuará solicitando a súa intervención. Se polo contrario, non se propuxo esta posibilidade, animámoslle a que o faga. A súa comunidade escolar agradecerallo.

Como xa coñece, os expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto coas Unidades de Coordinación de Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno en Galicia e das Subdelegacións a nivel provincial, en colaboración cos Servizos Territoriais da Inspección Educativa das Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, son os responsables da execución do Plan Director que, desde o ano pasado, ten vocación de permanencia.

Se vostede ten interese en coñecer mais polo miúdo o contido deste programa, pode descargar a Instrucción 7/2013 da Secretaría de Estado de Seguridade e todo o resto da documentación para participar no Plan Director no enlace seguinte: <http://www.edu.xunta.es/web/node/10670>. Para calquera aclaración, pode dirixirse á ÁREA Funcional de Alta Inspección en Galicia, rúa Durán Loriga, nº 9, 5º. Teléfono: 981 989 550-53-57. Correo electrónico: [educacion.acoruna@seap.minhap.es](mailto:educacion.acoruna@seap.minhap.es).

Atentamente,

